



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 19 de agosto de 2024 da dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón (expediente IN407A 2023/48-2).

Con data 27 de maio de 2024, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "instalación de interruptor TC no apoio BJPVWH3//41 da L.A.M.T. "PRS802 Monforte 2" (Pantón)", no concello de Pantón (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pantón, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 5 de xullo de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 20 de xuño de 2024, para que comparezan o día 23 de outubro de 2024 no concello da Pantón sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de agosto de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de instalación de interruptor TC no apoio BJPVWH3//41 da L.A.M.T. "PRS802 Monforte 2" Pantón (Lugo)

Concello : Pantón (Lugo)

Expediente: IN407A 2023-48-2

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio nº	Sup (M2)
1	65	136	Os campos	Monte baixo	Descoñecido	BJPVVWH3//41	2

R. 2545

Anuncio

ACORDO do 19 de agosto de 2024 da dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos (expediente IN407A 2023/51-2).

Con data 14 de xuño de 2024, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se otorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada “regulamentación L.A.M.T. “MOF809 Regueiro 9” entre apoios BSER3W0N//16 e BSCJI77S//20 Monforte de Lemos (Lugo)”, no concello de Monforte de Lemos (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos, deducida da que se someteu a información pública no diario “El Progreso” do 18 de xullo de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 5 de xullo de 2024, para que comparezan o día 23 de outubro de 2024 no concello de Monforte de Lemos sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de agosto de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Regulamentación L.A.M.T. “MOF809 Regueiro 9” entre apoios BSER3W0N//16 e BSCJI77S//20 Monforte de Lemos (Lugo)

Concello : Monforte de Lemos (Lugo)

Expediente: IN407A 2023-51-2

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio nº	Sup (M2)
1	99	461	Lameiros	Monte baixo	Descoñecido	BSE65IF 5//17	2.0
2	5	122	Lameiros	Prado	Descoñecido	BSDNNR 61//18	2.0
3	5	130	Lameiros	Prado	Descoñecido	BSD781 VQ//19	2.0

R. 2546

Anuncio

ACORDO do 19 de agosto de 2024 da dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Sober (expediente IN407A 2023/99-2).

Con data 3 de xuño de 2024, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se otorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada “LMTA REG802 en tramo entre apoios nº 35-A29 e nº 35-A36-CT (Sober)”, no concello de Sober (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Sober, deducida da que se someteu a información pública no diario “La Voz de Galicia” do 27 de xuño de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 24 de xuño de 2024, para que comparezan o día 30 de outubro de 2024 no concello de Sober sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Sober estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de agosto de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de: regulamentación LMTA REG802 en tramo entre apoios nº 35-A29 e nº 35-A36-CT (Sober)

Concello: Sober (Lugo)

Expediente: IN407A 2023/99-2

Nº finca	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Propietaria	Apoio (nº)	Apoio (m2)	Afeccións (ml. acceso)	Afeccións (m2 acceso)
6	42	347	Campo	Pradeira	Hros. De Carmen Álvarez Guitián	35-A35CT	10.0	2.0	6.0

R.2547

Anuncio

ACORDO do 19 de agosto de 2024 da Dirección Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Bóveda (expediente IN407A 2023/102-2).

Con data 12 de xuño de 2024, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se otorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública,

en concreto, da instalación eléctrica denominada “instalación de RC TC en LMTA MOF802 no apoio nº 122-53-3 (Bóveda)”, no concello de Bóveda (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Bóveda, deducida da que se someteu a información pública no diario “La Voz de Galicia” do 18 de xullo de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 5 de xullo de 2024, para que comparezan o día 30 de outubro de 2024 no concello de Bóveda sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Bóveda estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 19 de agosto de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de: instalación de RC TC en LMTA MOF802 no apoio nº 122-53-3 (Bóveda)

Concello: Bóveda (Lugo)

Expediente: IN407A 2023/102-2

Nº finca	Polígono	Parcela	Paraxe	Cultivo	Propietaria	Apoio (nº)	Apoio (m2)
1	32	352	Agro	Monte alto	Descoñecido	122-53-3	2.0

R. 2548

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Anuncio

CONVOCATORIA CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O 2024

A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, dentro do Plan Agrupado de Formación Continua para o 2024, estando pendente de ditar, pola Directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e convócanse as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2024, propón, a execución das seguintes accións formativas

- **FUNDAMENTOS BÁSICOS DE MANEXO DE ARMA, TIRO CON BAIXA LUMINOSIDADE E REACCIÓN SANITARIA TÁCTICA COMO PRIMEIRO INTERVENIENTE. MODALIDADE PRESENCIAL**

- **PROCEDIMENTO DE PROTECCIÓN E RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. PROCEDIMENTO URBANÍSTICO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA**
- **CATASTRO E ENTIDADES LOCAIS. MODALIDADE EN LIÑA.**

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

PRIMEIRA. SOLICITUDES

1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, apartado Recursos Humanos - Solicitud de Cursos Formación.

E demais lugares de conformidade co artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas segundo o modelo publicado como anexo II nas presentes bases

PÓDENSE SOLICITAR UN TOTAL DE 2 ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDENDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PODERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE 1, 2 OU NINGÚN CURSO.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.
3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **18 DE SETEMBRO DE 2024**. Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriren as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

SEGUNDA. ACCESO, SELECCIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.
2. Naquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral o/a solicitante debe contar coa autorización do/da superior/a xerárquico/a desde o momento en que realiza a inscrición na acción formativa
3. Dacordo con o disposto no artigo 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, con obxecto de actualizar os coñecementos das/os empregadas/os públicas/os.
4. Poderase participar en actividades de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
5. En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.
6. A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/as peticionarios/as, asemade poderán informarse da súa posible admisión chamando aos teléfonos 982 260 065 e 982 260 036.
7. A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación de Lugo.

TERCEIRA. CERTIFICACIÓNS

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

a) Certificación de asistencia, ou

- b) Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA. MODIFICACIÓNS

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 26 de agosto de 2024.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.07.01.24

Denominación: FUNDAMENTOS BÁSICOS DE MANEXO DE ARMA, TIRO CON BAIXA LUMINOSIDADE E REACCIÓN SANITARIA TÁCTICA COMO PRIMEIRO INTERVENIENTE. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Policía locais da administración local da provincia de Lugo

Participantes: 30

Horas: 24

Datas realización: 15, 16 e 17 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

Adquirir a formación técnica destinada a unidades operativas da Policía Local de Lugo, cunha formulación transversal en técnicas de tiro operativo, movementos tácticos de intervención e asistencia sanitaria táctica.

PROGRAMA:

- Presentación teórica sobre primeiro interveniente sanitario “Protocolo MARCH”
- Presentación teórica sobre intervención policial en interior de inmobles CQB
- Bases do tiro: tipos de empuñamentos, posicións de tiro, desprazamentos tácticos con arma empuñada tanto individual como en binomios, tipos de cambio de cargador
- Uso do torniquete, acarreo e arrastres
- Exercicios de tiro con airsoft: tiro en movemento, tiro a moi curta distancia, técnica “rodesiana”, tiro tras parapeto
- Protocolos de intervención sanitaria en situación CUF
- Técnicas básicas de intervención en interior de inmobles CQB
- Protocolos de intervención táctica sanitaria en situación TFC
- Técnicas básicas de intervención en interior de inmobles CQB
- Protocolos de intervención táctica sanitaria en situación TFC
- Utilización e manexo do bastón policial extensible e escudo investido
- Exercicios prácticos: diferentes simulacións prácticas nas que se avalíase ao alumnado levando á práctica todo o impartido

Código A. F.: 01.05.01.24

Denominación: PROCEDEMENTO DE PROTECCIÓN E RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. PROCEDEMENTO URBANÍSTICO SANCIONADOR. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo cuxas funcións estén relacionadas cos contidos do curso.

Participantes: 50

Horas: 30

Datas realización: Do 7 ao 28 de outubro de 2024

OBXECTIVOS:

Proporcionar aos/ás participantes unha visión global en relación cos procedementos de protección e restauración da legalidade urbanística e procedemento urbanístico sancionador.

PROGRAMA:

PROTECCIÓN E REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA:

- Marco conceptual
- Natureza xurídica
- Regulación da protección da legalidade urbanística
- Aspectos competenciais
- Obras e usos sen título habilitante en curso de execución
- Obras rematadas sen título habilitante
- Inspección urbanística

PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA:

- Iniciación do procedemento
- Suspensión provisional de obras en curso de execución
- Solicitud de informes, período de proba e audiencia
- Fin do procedemento

PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

- Disposicións xerais
- Competencia e procedemento

Código A. F.: 01.14.01.24**Denominación:** CATASTRO E ENTIDADES LOCAIS. MODALIDADE EN LIÑA**Destinatarios:** Empregados/as públicos/as da administración local da provincia de Lugo que desempeñen funcións relacionadas coa materia obxecto desta actividade formativa.**Participantes:** 50**Horas:** 30**Datas realización:** Do 14 ao 29 de outubro de 2024**OBXECTIVOS:**

Actualizar os coñecementos do persoal da Administración local en materia catastral.

PROGRAMA:**MÓDULO I. INTRODUCCIÓN**

- Conceptos xerais
- Normativa de aplicación

MÓDULO II. PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS

- Xuntas Periciais
- Consellos territoriais da Propiedade inmobiliaria.
- Xuntas Técnicas de Coordinación Inmobiliaria

MÓDULO III. PROCEDEMENTOS DE INCORPORACIÓN CATASTRAL

- Declaracións catastrais.
- Comunicacións
- Procedemento de regularización catastral.
- Inspección conxunta.
- Procedementos de valoración colectiva.

MÓDULO IV. SUBSCRICIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN**MODULO V: ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA DA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO.**



Área de Formación
Ensino e
Economía do Coñecemento

ANEXO II SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Denominación curso		Código A. F.	
2. Datos pessoais			
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.
3. Datos profesionais			
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		B	C1
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		C2	AP
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Entidade onde traballa			
Dependencia		Enderezo do posto de traballo	
		Localidade	
Provincia			
Indique si padece algunha discapacidade		Teléf. Traballo	
Si	Non	Correo electrónico	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Teléf. móbil	
INDIQUE AS ADAPTACIÓNS NECESARIAS:			
Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual
Laboral Fixo		Laboral Temporal	
<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	
FUNCÍONS QUE DESENVOLVE:			
4. A ter en conta			
<p>Segundo o recollido nas bases xerais da convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes rematará na data indicada nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O/A solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude.</p> <p>PÓDENSE PEDIR UN TOTAL DE DÚAS (2) ACCIÓNS FORMATIVAS E, ENTENDENDO QUE ESTÁN RELACIONADAS COA SÚA ÁREA DE TRABALLO, PÓDERASE CONCEDER CALQUERA DELAS, SEN SER DETERMINANTE A ORDE DE PREFERENCIA. DEPENDENDO DO NÚMERO DE SOLICITUDES DE CADA ACCIÓN FORMATIVA E DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN, PODEN CONCEDERSE UN, DOUS OU NINGÚN CURSO.</p> <p>A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a nas distintas accións formativas.</p>			
5. Declaración			
DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporfo á solicitude que asino.			

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a ____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Área de Formación. Ronda da Muralla, 140, 1º andar. 27004 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 036. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámolle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámolle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 16 DE AGOSTO DE 2024 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de agosto de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), figura no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINAC. PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACI. POSTO	CLASIFICAC.	GRUPO SUBGR.	COTA
1	2023	882	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas	1426	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).*
- Lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).*
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).*
- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).*
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).*
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*

- *Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020)*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 – apartado 2. refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.*
- *Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.*
- *Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.*
- *Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP 226 de 30.09.2006), que sinala:*

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*

b) *Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas, figura encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas ou titulacións académicas equivalentes.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

a) *Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*

- *Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*
- *Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*

b) *Transparencia.*

c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*

e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.*

b) *Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*

c) *Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.*

5. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

1º. *Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado 2. refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. Réxime xurídico administrativo, A.1 Cota xeral (BOP núm. 298, do 30.12.2023):*

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINAC. PRAZA	Nº POSTO	DENOMINAC. POSTO	CLASIFICAC.	GRUPO SUBGR.	COTA
1	2023	882	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas	1426	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas Entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NUNHA (1) PRAZA VACANTE, DOTADA ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 2.REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA Nº POSTO	DENOMINAC.	CLASIFICAC.	GRUPO SUBGR.	COTA
1	2023	882 1426	Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios	A-A2	Xeral

3. RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa seleccionada atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, de 2 agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas ou titulacións académicas equivalentes.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4.

6. PROCEDemento SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios. A puntuación total da fase de oposición é de 50 puntos.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de corenta (40) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de corenta e cinco (45) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de tres (3) temas, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa. Sortearase 1 tema de cada bloque.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de tres (3) horas.

Este exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir á mencionada lectura as demais persoas aspirantes. O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de dúas (2) horas e trinta (30) minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCUSO. *A puntuación total da fase de concurso é de 30 puntos.*

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. *A puntuación máxima deste apartado é de 16 puntos.*

- *Criterios de Valoración da experiencia profesional*

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

- **Cadro de valoración da experiencia profesional:**

Administración Local - Deputación de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x cada 30 días	0,084 x cada 30 días	0,063 x cada 30 días	0,042 x cada 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x cada 30 días
---	----------------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x cada 30 días
---	----------------------

• **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

• **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

• **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00

DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

- **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

- **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo,

na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

- **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010

Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

- **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

- **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao Celga 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

- **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou Celga 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou Celga 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

- **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditarse mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

- **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

- **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
Nivel C2	1,00
Nivel C1	0,80
Nivel B2	0,60

Nivel B1	0,40
Nivel A2	0,20
Nivel A1	0,10
Outros idiomas oficiais	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
Cursos organizados por organismos oficiais	

• **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. *A Constitución Española de 1978. Estructura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento de reforma.*
2. *Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.*
3. *As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.*
4. *Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional.*
5. *As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas.*
6. *O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.*
7. *A provincia no réxime local. Órganos de decisión colexiados e unipersoais; organización complementaria.*
8. *A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
9. *O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común. Principais documentos do expediente administrativo.*
10. *As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Orzamento das Entidades Locais: Conceptos esenciais da súa aprobación e execución.*
11. *O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos.*
12. *A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020).*

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

BLOQUE I

13. *Conservación de estradas. Vialidade invernal. Explotación.*
14. *Estudios de tráfico. Enquisas. Aforos e estacións de aforo.*
15. *Análise de accidentes. Estudios e medidas de seguridade viaria.*
16. *A rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo. Características principais e situación actual.*
17. *Clases de estradas e tipos de proxectos. Datos básicos para o estudo de trazado.*
18. *Trazado. Trazado en planta.*
19. *Trazado. Trazado en alzado. Coordinación dos trazados en planta e alzado.*
20. *Sección transversal. Número de carrís de sección tipo. Sección transversal en planta recta e curva. Nós (enlaces e interseccións).*
21. *Seccións transversais singulares. Túneles. Obras de paso.*

22. *Elementos de transición das condicións de circulación. Confluencia e bifurcación. Carrís centrais de almacenamento e espera.*
23. *Muros. Tipos. Datos para o proxecto de muros. Métodos para o dimensionamento de muros. Detalles construtivos. Distintos tipos de fábricas.*
24. *Drenaxe superficial. Consideracións xerais e criterios básicos. Cálculo dos caudais de referencia. Drenaxe transversal. Pequenas obras de paso.*
25. *Drenaxe da plataforma e marxes. Drenaxe superficial. Drenaxe subterráneo. Xeotextís e xeocompostos.*
26. *Glorietas. Tipos. Trazado. Implantación. Sinalización. Iluminación. Paisaxismo.*
27. *Sinalización de obras. Ordenación da circulación en presenza de obras fixas.*
28. *Sinalización vertical. Definicións e ámbito de aplicación. Características dos elementos de sinalización vertical. Criterios de implantación.*

BLOQUE 2

29. *Balizamento e defensa. Características dos elementos. Criterios de implantación.*
30. *Sinalización horizontal: marcas viarias. Normativa vixente.*
31. *Explanacións e obras de terras. Materiais. Execución. Control.*
32. *Capas granulares para firmes. Materiais. Execución. Control.*
33. *Solos estabilizados e gravas tratadas. Materiais. Execución. Control.*
34. *Firmes flexibles en estradas de nova construción. Factores de dimensionamento. Execución de obra. Control.*
35. *Firmes ríxidos en estradas. Pavimentos de formigón. Tipos. Execución de obras. Control. Conservación.*
36. *Tratamentos superficiais e mesturas bituminosas. Aplicacións. Materiais. Execución. Control.*
37. *Reforzo e rehabilitación de firmes. Estudio, avaliación e nivel de esgotamento do firme. Análise e selección do tipo de rehabilitación. Factores de dimensionamento dunha rehabilitación estrutural. Execución. Control.*
38. *Organización dun sistema de control de calidade nunha obra de estradas. Control xeométrico, cuantitativo e cualitativo.*
39. *Sistemas de abastecemento de auga a poboacións. Dimensionamento. Proxectos. Conducións. Distribución. Construción e explotación.*
40. *Tratamento de augas potables de consumo público. Estacións de tratamento de augas potables. Procedementos de desinfección.*
41. *Saneamento. Sistemas de evacuación. Métodos de trazado. Determinación de caudais. Compoñentes do sistema.*
42. *Depuración de auga residual en pequenas comunidades. Criterios de selección de alternativas.*
43. *A lexislación de expropiación forzosa. Procedementos ordinario e de urxente ocupación. A taxación conxunta.*
44. *Seguridade e saúde nas obras de estradas. Normativa vixente. Estudio de seguridade e saúde. Plan de seguridade e saúde. Coordinador de seguridade e saúde.*

BLOQUE 3

45. *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Disposicións xerais.*
46. *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Planificación. Estudos e proxectos. Construción e explotación.*
47. *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Delimitación de zonas de protección. Usos autorizables o suxeitos a declaración responsable.*
48. *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Autorizacións e declaracións responsables. Medidas de protección da legalidade viaria.*
49. *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais.*
50. *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Preparación dos contratos das administracións públicas. Expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.*
51. *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Da adxudicación dos contratos das Administracións públicas. Procedementos de adxudicación.*

52. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Actuacións preparatorias do contrato de obras. Proxectos de obras. Supervisión. Reformulo previo. Clasificación de contratistas.

53. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Execución do contrato de obras. Reformulo. Certificacións e abonos. Revisión de prezos. Modificacións. Cumprimento. Responsabilidades. Resolución.

54. Lexislación urbanística autonómica. Lexislación consolidada de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Clasificación do solo.

55. Orde do 23 de maio pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. Disposicións xerais.

56. Orde do 23 de maio pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. Características e deseño dos elementos de trazado en accesos a estradas convencionais e vías de servizo.

57. Orde do 23 de maio pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. Accesos a vivendas unifamiliares e predios agrícolas. Accesos a outras propiedades.

58. O marco xurídico da avaliación ambiental en España e na Comunidade autónoma de Galicia. A avaliación ambiental: tipos, ámbito de aplicación, fases do procedemento.

59. As medidas medioambientais correctoras e protectoras para obras de estradas de Galicia. A vixiancia e seguimento ambiental.

60. A protección do patrimonio cultural en Galicia. A súa incidencia nas actuacións relacionadas coas estradas e obras provinciais.

Lugo, 22 de agosto de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2549

CONCELLOS

SOBER

Anuncio

RESOLUCIÓN

Exp. 331/2024 Estabilización do emprego temporal do Concello de Sober.

ANTECEDENTES:

Por Decreto de data 06.06.2024 (B.O.P. de Lugo núm. 135, do 12.06.2024) apróbanse as bases e a convocatoria de UNHA praza de AUXILIAR DO SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR . a través do sistema de selección de CONCURSO-OPOSICIÓN.

O 29.07.2024 (BOP. núm. 174) publicáronse as listaxes provisionais de admitidos e excluídos e concédese un prazo de 10 días laborais para formular alegacións.

Non constan presentadas alegacións segundo acredita certificación da secretaria obrante no expediente

De conformidade coas Bases que rexen este proceso selectivo, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o Decreto de delegación de competencias núm. 2024-0236, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a listaxe das aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo antes referido:

ADMITIDOS

Nº Rexistro de Entrada	Nome e Apelidos	Titulación	Celga
1474/2024	SOFIA PEREIRO PEREZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	si
1481/2024	M.ª.ISABEL PEREZ PEREZ	Certificado profesionalidade de atencion sociosanitaria a pesoas no domicilio	no
1485/2024	NOELIA VAZQUEZ CARNERO	Auxiliar enfermeria	si
1487/2024	LORENA RODRIGUEZ FERNANDEZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	si
1492/2024	MARIA ANGELES MARIÑO GONZALEZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	no

1518/2024	MARIA DOLORES MARTINEZ FERNANDEZ	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas no domicilio	no
1525/2024	LORENA BLANCO SANCHEZ	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas no domicilio	SI
1543/2024	M.ª.CRISTINA VIVIRIDO QUEVEDO	Tecnica en atencion a pesoas dependentes	SI
1567/2024	JOSEFA RODRIGUEZ MOA	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas dependentes insti.sociais.	SI
1575/2024	ENEROLISA CASTILLO DE LEON	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas dependentes insti.sociais.	SI
1579/2024	MILADY ANTONIA ALCANTARA TEJADA	Tecnica en atencion a pesoas dependentes	NO
1592/2024	MARIA CRISTINA GONZALEZ GARCIA	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas no domicilio	SI
1613/2024	JOSEFA MARTINEZ FIGUEIRAS	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas dependentes insti.sociais.	SI
1620/2024	SOFIA PEREZ MARTINEZ	Tecnica en cuidados auxiliares de enfermeria	no
1624/2024	SOFIA ELVIRA FERNANDEZ FERNANDEZ	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas dependentes insti.sociais.	SI
1655/2024	MARIA DEL CARMEN GIL BELLO	Certificado profesionalidade de atencion socio sanitaria a pesoas dependentes insti.sociais.	SI
1665/2024	ROSANA COUTADO RODRIGUEZ	Tecnica en atencion a pesoas dependentes	SI

EXCLUÍDOS

Non hai

SEGUNDO.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

1	Presidenta: Elena González López, Secretaria-interventora do Concello de Sober Suplente: Jacobo Rayón Cedeira, Secretario-interventor do Concello de Fornelos de Montes.
2	Secretaria: Ana de la Torre Alvaredo, Trballadora social do Concello de Sober Suplente: María del Carmen Fernández Fernández, Traballadora social do Concello de Pantón.
3	Vocal 1: María del Pliar Losada Varela, Educadora familiar do Concello de Sober Suplente. Rocío López López, Educadora familiar do Concello do Saviñao.
4	Vocal 2: Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober. Suplente: Alberto Hernán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón
5	Vocal 3: Carlos López García, administrativo adscrito a Concellería de Mobilidade do Concello de A Coruña Suplente: José Ramón Recarey Añón, administrativo adscrito a Concellería de Mobilidade do Concello de A Coruña

TERCEIRO.- Convocar ao Tribunal a celebración da sesión para a realización das probas correspondentes a fase de oposición segundo se indica a seguir:

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Sober.

Día e Hora : 27 de Setembro de 2024 ás 10:00 horas.

CUARTO. Publicar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no BOP de Lugo, na sede electrónica deste Concello <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0> no Taboleiro de Anuncios para os efectos oportunos.

QUINTO. Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que celebre.

SEXTO. Esta resolución é un acto de trámite cualificado contra o que poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. Así mesmo, contra a resolución cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Igualmente advírteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Sober, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde, Por abstención, (Resolución do 27.05.2024), O Primeiro Tenente de Alcalde, Francisco Vázquez Pérez.

R. 2551

Anuncio

DECRETO

Exp. 331/2024 Estabilización do emprego temporal do Concello de Sober.

ANTECEDENTES:

Por Decreto de data 06.06.2024 (B.O.P. de Lugo núm. 135, do 12.06.2024) apróbanse as bases e a convocatoria de UNHA praza de ADMINISTRATIVO. a través do sistema de selección de CONCURSO-OPOSICIÓN.

Logo por Decreto de data 24.07.2024 (B.O.P de Lugo núm. 174 do 29.07.2024) publícanse as listaxes de admitidos/as e excluídos/as no dito proceso de selección.

Con posterioridade aprobase unha corrección de erros (B.O.P de Lugo núm. 181 do 06.08.2024).

Consta certificación da secretaria sobre as alegacións presentadas neste proceso, no que se indica que MARIA SANCHEZ PEREZ presentou alegacións nas que en resumo sinala que tendo presentado dúas titulacións de ciclo, medio e alto, debe considerarse a superior para o acceso ao posto de administrativo do Concello.

Constátase nos antecedentes obrantes no Concello que a aspirante MARIA SANCHEZ PEREZ presentou a titulación de ciclo de grao superior en administración e finanzas que lle permite ter acceso ao proceso de selección para a cobertura do posto de administrativo deste Concello, procedendo corrixir a listaxe provisional no tocante a titulación de acceso ao posto desta aspirante.

De conformidade coas Bases que rexen este proceso selectivo, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o Decreto de delegación de competencias núm. 2024-0236, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Estimar a alegación presentada por MARIA SANCHEZ PEREZ e corrixir a listaxe de admitidos e excluídos no proceso de selección no tocante a titulación de acceso desta aspirante, de modo que figure o ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas consonte obra nos antecedentes do expediente.

SEGUNDO. Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

Admitidos/as

Nº Rexistro de Entrada	Nome e Apelidos	Titulación	Celga
1490/2024	OSCAR RELLO LOPEZ	LCDO. EN DERECHO BACHARELATO	Celga 4
1577/2024	MARIA SANCHEZ PEREZ	CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.	Celga 3
1580/2024	JUAN MANUEL DALAMA VIDAL	BACHARELATO	Celga 4
2024-E-RE-262	LIA PEON CARRACELAS	BACHARELATO	Celga 4

Excluída por falta de titulación:

Nº Rexistro de Entrada	Nome e Apelidos	Titulación	Celga
2024-E-RE-289	MARIA CRISTINA GOMEZ GOMEZ	NO PRESENTA	

Excluído por presentación fóra do prazo:

Nº Rexistro de Entrada	Nome e Apelidos	Titulación	Celga
2024-E-RE-328	JOSE LUIS FRANCO PINTOS	GRADUADO EN DEREITO	Celga 4

TERCEIRO.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

1	Presidenta: Elena González López, Secretaria-interventora do Concello de Sober
	Suplente: Pilar del Carmen Saborido Díaz, Secretaria de Administración municipal do Concello de Vigo.
2	Secretaria: Dolores Amigo Andrade Amigo, Administrativo do Concello de Coristanco
	Suplente: Jacobo Rayón Cedeira, Secretario-interventor del Concello de Fornelos de Montes
3	Vocal 1: David Criado Taboada, Secretario-interventor do Concello de Agolada
	Suplente. Alejandro Martínez Sánchez, Secretario-interventor do Concello de Pantón.
4	Vocal 2: Sheila Cousillas Pereiro, Auxiliar administrativo, ciclo de grao superior, do Concello de Coristanco
	Suplente: María Mercedes Casares Vázquez, Auxiliar Administrativo, Diplomada, do Concello de Sober
5	Vocal 3: Carlos López García, Administrativo adscrito a Concellería de Mobilidade do Concello de A Coruña
	Suplente: José Ramón Recarey Añón, Administrativo adscrito a Concellería de Mobilidade do Concello de A Coruña

Contra estes nomeamentos poderá promoverse recusación nos termos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

CUARTO.- A realización do primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar:

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Sober.

Día e Hora : 25 de Setembro ás 10 horas.

QUINTO. Publicar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no BOP de Lugo, na sede electrónica deste Concello <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0no> Taboleiro de Anuncios para os efectos oportunos.

SEXTO. Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que celebre.

SÉTIMO. Esta resolución é un acto de trámite cualificado contra o que poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. Así mesmo, contra a resolución cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Igualmente advírteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Sober, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde, Por abstención, (Resolución do 27.05.2024), O Primeiro Tenente de Alcalde, Francisco Vázquez Pérez.

R. 2552